www.salomebeiroaeventos.com
- Asesoramento para o casamento civil
- Información sobre os trámites administrativos
- Cerimonias personalizadas
- ... e moito máis!
Pide o teu
PRESUPOSTO
SEN COMPROMISO

Cerimonias civís

Cada momento da vida é susceptible de poderse celebrar mediante unha cerimonia civil. Estas cerimonias requiren un marco adecuado, de acordo coa dignidade do acto, así como un cerimonial e protocolo axeitados á súa finalidade.

1) ACOLLIDA CIDADÁ

A acollida cidadá é unha cerimonia que se realiza a petición dos pais e nais. Nela, a comunidade dálle a benvida ao novo cidadán/cidadá, que gozará dos dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos da Infancia, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Constitución.

2) COMPROMISO CIDADÁN

É a exteriorización pública e/ou renovación, por parte do cidadán/a maior de idade, do compromiso de participar, contribuír e potenciar as boas prácticas cidadás e os valores da ética civil: sentimentos de pertenza, valores locais e valores da humanidade como a dignidade, a liberdade, a igualdade, a solidariedade, a tolerancia e a participación, a democracia e a paz.

3) CERIMONIA DE MATRIMONIO CIVIL

É unha celebración que os contraentes queren facer para o seu propio desfrute e o das súas familias e amizades, con máis calma e sen rixidez de horarios. Tamén se poden organizar cerimonias civís con motivo e aniversarios de matrimonios, para simbolizar a renovación dos votos e compromisos anteriormente asumidos.

4) DESPEDIDA CIVIL

É o acto civil de despedida dun membro da comunidade con motivo do seu falecemento. Organízase a petición da familia e para honrar o seu recordo.

Casamentos civís: onde todo é posible

Cada vez son máis as parellas que deciden formalizar a súa relación pola vía civil en lugar da relixiosa. Este formato permite xogar cunha **gran flexibilidade,** dando como resultado unha cerimonia tan fermosa, **orixinal** e incluso divertida como a vosa imaxinación alcance. **Todo é posible, todo está permitido!**

Durante oito anos organicei os máis variados detalles das cerimonias nupciais de centos de parellas. Ademais, tamén tiven o privilexio de poder casar a moitas delas. Por esta razón, poño ao voso servizo a miña experiencia como oficiante de casamentos e organizadora de eventos.

Se non queredes que nada falle, que estea previsto ata o último detalle, contade comigo!

Cerimonias orixinais e vistosas

Podedes decidir todos os elementos: quen a vai oficiar, a decoración, se vai haber música, lecturas... Podedes incluír algún ritual, como a cerimonia das rosas, a cerimonia da area, a cerimonia da luz ou outra. **Facede realidade o voso soño!**

Que podo facer por vós?

- Asesorarvos cos trámites administrativos.
- Axudarvos a escoller, reservar e organizar o espazo da cerimonia.
- Ultimar detalles como a música, flores... ou copia personalizada da acta nupcial.
- Oficiar a parte cerimonial do voso casamento civil.

www.salomebeiroaeventos.com

Pide presuposto sen compromiso!

salome@beiroa.org

687 034 341

Escanea este código e garda os meus datos de contacto